PLAN ESPECÍFICO PARA ALUMNADO REPETIDOR.

Artigo 52 da Orde do 8 Setembro 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011.

OBXECTIVO DO PLAN.

Servir de referente ao profesorado para elaborar un plan concreto de reforzo para alumnado repetidor.

DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

Os programas específicos serán elaborados polo departamento da Área ou Materia correspondente e deberán incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente.

En 1º e 2º de ESO deberán contemplar, ademais, a posible incorporación deste alumnado a grupos de traballo e reforzo de habilidades de lecto-escritura (Exención de Francés) ou ós Agrupamentos Flexibles que existan en cada curso académico; de ser o caso, TANTO EN 2º como en 3º ESO contemplarase tamén a incorporación a unPDC ou a CFGB segundo corresponda.

Corresponderalle ao profesorado que imparta cada Área ou Materia facer o seguimento de cada alumno ou alumna na realización das tarefas propostas polo Departamento e comunicarllo ao Profesorado Titor, que deberá facelo chegar ás familias para o seu coñecemento e colaboración.

O alumnado repetidor será informado polo Profesorado Titor en colaboración co Departamento de Orientación dos criterios de promoción e titulación na etapa, analizando conxuntamente a súa situación académica, tendo en conta as limitacións do número de repeticións e a idade de permanencia na etapa.

O profesorado recibirá información ao comezo do curso deste alumnado por parte do Departamento de Orientación referida a:

- Repeticións anteriores se as houbese.
- Cualificacións obtidas no mesmo nivel no ano académico anterior.

• Medidas educativas propostas: reforzos, Agrupamentos Flexibles, AdaptaciónCurricular, etc.

Periodicamente, nas distintas sesións de avaliación, ou sempre que se considere oportuno, e co fin de que o profesorado titor poida informar ás familias farase un seguimento de:

• Valoración da realización das actividades propostas.
• Cualificacións recentes na Área ou Materia.

No deseño das tarefas terase en conta o nivel de competencia curricular acadado na Materia nos cursos anteriores e a cualificación final obtida no primeiro ano do curso obxecto de repetición, ademais dos resultados da Avaliación Inicial. Esta información permitirá escoller o tipo de tarefas máis adecuadas a cada caso, podendo ser estas de reforzo, en caso de detectar carencias, ou de ampliación no caso de que o alumno ou alumna xa domine eses contidos.